



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Ponteareas

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. a) RXP. O interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias. Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

FINS DO TRATAMENTO

Prestar aos consumidores e usuarios, veciños do Concello, de xeito gratuíto, os servizos de información, educación, formación, orientación e asesoramento en materia de consumo. Xestión das consultas, reclamacións ou denuncias, velando polo cumprimento da normativa de consumo. O servizo pode ser presentado tanto de xeito telefónico coma presencial.

COLECTIVO

Público en xeral.

CATEGORÍAS DE DATOS

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma.

Características persoais: Idade, nacionalidade, lugar de nacemento.

Datos de información comercial: Actividades e negocios, creacións artísticas, literarias, científicas ou técnicas, licenzas comerciais, subscricións a publicacións/medios de comunicación.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Administracións públicas, asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, Órganos xudiciais.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.